



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xeografía: Fundamentos de xeografía humana

Materia	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana			
Código	O02G250V01202			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Trashorras Montecelos, Ester			
Profesorado	Trashorras Montecelos, Ester			
Correo-e	etrash@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O carácter de formación básica desta materia no Grao de Xeografía e Historia ven xustificado pola contribución que desde a mesma se realiza á formación do futuro graduado: en Fundamentos de xeografía humana faise unha boa aproximación ao coñecemento dos grandes problemas sociais que afectan a gran parte da humanidade a comezos do milenio. Medir e interpretar as dinámicas demográficas e as súas consecuencias, as transformacións urbanas, os problemas do mundo rural ou os impactos ambientais das múltiples actividades económicas etc., forman o núcleo central da materia de estudo e de aí a súa relevancia no grao.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da xeografía humana
A4	Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais.
A8	Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B4	Comunicación oral e escrita no idioma propio.
B7	Capacidade de razoamento crítico.
B10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
B15	Sensibilidade cara temas ambientais.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da Xeografía humana.	A2
Capacidade de análise e síntese.	B1
Comunicación oral e escrita en idioma propio.	B4
Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais.	A4
Capacidade de razoamento crítico.	B7
Atención á diversidade e á multiculturalidade	B10
Sensibilidade cara temas ambientais	B15
Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo.	A8

Contidos

Tema

TEMA 1. Mirar, pensar, analizar o territorio.	1.1. A xeografía como ciencia. Evolución da Xeografía humana: da descrición ao método científico. O espazo como produto social. 1.2. Os conceptos clave articuladores da xeografía moderna. Relacións home-medio, espazo, rexión, paisaxe. 1.3. A observación do territorio: o problema das escalas xeográficas e niveis de análise espacial.
TEMA 2. As relacións sociedade - medio.	2.1. O concepto de ecosistema e o medio natural mundial. 2.2. O estudo das poboacións. As fontes da análise demográfica e a súa interpretación. Dinámica demográfica e estrutura da poboación. Os modelos de transición demográfica. Movements migratorios. 2.3. O crecemento da poboación e as políticas demográficas. A distribución desigual da poboación, dos recursos e da actividade.
TEMA 3. Espazos rurais e espazos urbanos: complementariedade e interdependencia.	3.1. O proceso de urbanización. Etapas no desenvolvemento urbano. Definición da cidade. Criterios e problemas. 3.2. A cidade como espazo. Os conceptos de localización e situación. O valor xeo-histórico do plano urbano e análise dalgunhas tipoloxías de cidades. A imaxe da cidade. Morfoloxía e estrutura urbana. O espazo urbano como un produto social. Os problemas das cidades. 3.3. Os espazos rurais. A funcionalidade dos medios rurais nas sociedades urbanas: heteroxeneidade, subordinación e dependencia.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Titoría en grupo	3	5	8
Seminarios	4	15	19
Traballos de aula	11	20	31
Sesión maxistral	25	10	35
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	30	34
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	20	23
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Titoría en grupo	Dedicarase fundamentalmente a orientar ao alumnado na realización do seu traballo autónomo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e organización das diferentes actividades prácticas, seminarios etc.
Seminarios	Como técnica de metodoloxía activa, realizaranse exposicións de traballos bibliográficos elaborados polos alumnos co obxectivo de profundar nas cuestións fundamentais dos temas da materia. Estas sesións darán lugar á participación, discusión e conclusións ás que teñen que chegar os compoñentes do seminario.
Traballos de aula	Estas actividades estarán encamiñadas á explicación e resolución de exercicios prácticos na aula, en consonancia e en función das clases teóricas. Análise e interpretación de materiais gráficos diversos, cadros estatísticos, cálculo de índices, comentarios de audiovisuais e manexo das TIC.
Sesión maxistral	Explicación por parte da profesora dos contidos básicos da materia. Tratarase de incentivar a participación crítica e reflexiva do alumnado nestas clases teóricas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	A atención personalizada complementar a docencia teórico-práctica mediante o asesoramento e orientación en todo tipo de problemas, consultas e dúbidas en relación coa aprendizaxe da materia.
Seminarios	A atención personalizada complementar a docencia teórico-práctica mediante o asesoramento e orientación en todo tipo de problemas, consultas e dúbidas en relación coa aprendizaxe da materia.
Traballos de aula	A atención personalizada complementar a docencia teórico-práctica mediante o asesoramento e orientación en todo tipo de problemas, consultas e dúbidas en relación coa aprendizaxe da materia.

Avaliación

Descrición	Cualificación
------------	---------------

Seminarios	A partir da elaboración dunha posta ao día ou recensión bibliográfica sobre temas e textos relacionados cos aspectos do temario máis relevantes da actualidade, expóranse e debáteranse os traballos que estarán agrupados por temáticas afíns. Valorarase: - Marco teórico. - Estrutura e articulación do traballo. - A reflexión e pensamento crítico sobre os contidos - Calidade de exposición e presentación formal.	30
Traballos de aula	Proba final acerca dos contidos procedementais da materia. Valorarase: - Os coñecementos operativos adquiridos nas sesións prácticas da aula. - A interpretación e representación gráfica da información.	30
Sesión maxistral	Exame ou proba final escrita, na que se deberá alcanzar a cualificación de 5 para poder facer o cómputo global de todas as actividades. Valorarase: - Os coñecementos teóricos da materia. - A estruturación de ideas. - Precisión e claridade expositiva.	30
Outras	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a asistencia e a participación do alumnado	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo alumno matriculado na materia ten dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30 % desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bailly, A; Beguin, H, **Introducción a la Geografía Humana.**, 1992,
Bielza de Ory, V, **Geografía General. T. 2: Geografía Humana**, 1993,
Capel, H; Urteaga., **Las nuevas Geografías**, 1991,
D'Entremont, A, **Geografía Económica**, 1997,
Romero, J., **Geografía Humana**, 2004,
Aguilera, M.J et al, **Ejercicios Prácticos de Geografía Humana**, 2002,
Bosque; Ortega., **Comentario de Textos Geográficos**, 1995,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xeografía: Espazos e sociedades/O02G250V01301

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xeografía: Fundamentos de xeografía física/O02G250V01102

Outros comentarios

Resulta especialmente conveniente contar cos coñecementos xeográficos básicos, xa que sobre estes construírse o discurso específico da materia.